



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE FEBREIRO DE 2021

### **1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1248/2020.**

#### **Aceptar a cesión de viario e conceder licenza para a execucion de vivenda unifamiliar illada.**

Acéptase a cesión de viario e concédese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución; a execución de VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA na RÚA DAS PEDREEIRAS, cun orzamento de execución material de 121.538,45 euros.

### **2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: lap/364/2018.**

#### **Licenza de obra de reconstrución de edificación para albergue na rúa San Lázaro, 22.**

Acórdase conceder licenza de OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN PARA ALBERGUE na RUA DE SAN LÁZARO, 22, segundo Proxecto básico e de Execución, cun orzamento de execución material de 101.044,61 euros. As obras consistirán na demolición e posterior reconstrución de edificación de planta baixa, dous plantas altas e baixo cuberta destinada a albergue (19 prazas), cunha ocupación en planta de 62,05 m<sup>2</sup>, altura de 12,45 metros e unha superficie construída total de 216,20 m<sup>2</sup> (167,85 m<sup>2</sup> útiles). A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza do recinto intramuros do PERI-5 DE San Lázaro.

### **4. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/111/2019.**

#### **Revisión IPC aluguer dun local na rúa do Empedrado nº 7, destinado a uso sociocultural de Casas Novas.**

Acórdase proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer dun local n arúa do Empedrado, nº 7, destinado a uso sociocultural en Casas Novas, segundo as variación experimentadas polo IPC no periodo comprendido entre decembro de 2011 e decembro de 2020, que supón un incremento relativo do 6,3%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 20 de xaneiro de 2021 no importe mensual de 451,77 euros máis IVE, ascendendo a **546,64 euros mensuais e a 6.559,68 euros anuais.**

### **5. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: Solicitud de subvención Fondo Compensación Ambiental.**

#### **Solicitud de subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 para a execución do proxecto de modernización das instalacións de alumado público no Cemiterio Municipal de Boisaca e accesos.**

Acórdase solicitar a subvención da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 de forma individual e mediante o sistema de xestión

compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). (DOG 25/01/2021) para a execución do “Proxecto de modernización das instalacións de alumado público no cemiterio e Boisaca e accesos” por importe de **39.384,91 euros, IVE incluído**.

Na Orde sinalase que se considera que atenden aos criterios determinados os proxectos de eficiencia enerxética na luz pública, polo que a concellaría de Medio Ambiente, en atención ás características e requisitos da convocatoria, considerou convinte elaborar un documento técnico que encaixe nos termos da convocatoria orientado á modernización das instalacións de alumado público do Cemiterio Municipal de Boisaca e o seu acceso a través da rúa Boisaca por importe de 32.549,51 euros máis o 21% de IVA(6.835,40 euros) o que fai un importe total de 39.384,91 euros

#### **6. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: Suspensión Taxa Lixo 1..**

##### **Suspensión da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Acórdase que non se aplique a cota variable correspondente á citada tarifa a locais de negocio, vivendas colectivas, administracións públicas e asimilados, aos suxeitos pasivos obrigados a suspender a súa actividade a consecuencia da aplicación das ORDES de 26 de xaneiro de 2021 e de 15 de febreiro de 2021, e polos períodos de eficacia que nas mesmas se establecen (mentres duren as medidas anticovid decretadas pola administración autonómica).

#### **7. EMPREGO. Referencia: 2021/00007968W.**

##### **Solicitude de subvención na convocatoria de subvencións de forma individual en concorrencia competitiva, do fondo de compensación ambiental para adquisición dun vehículo con distintivo ambiental cero emisión.**

Apróbase a Memoria explicativa para concurrir de forma individual á convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental para adquisición dun vehículo todoterreo para as labores do “Proxecto de Sendas Peónis dos Xiros aos Montes de Compostela” por importe total de 39.500,00 euros.

Acórdase acollerse, de forma individual, á Orde do 30 de decembro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, que regula os criterios de repartición e se establecen as bases e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, e solicitar de Vicepresidencia, unha subvención polo importe de 31.600 euros, equivalente o 80% dos gastos totais.

Ademais, comprométese o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, por importe de 7.900 euros, con cargo ó Orzamento Municipal vixente.

#### **8. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00007927F.**

##### **Aprobación do proxecto da obra “Reforma do viario A Pajuela- Campo da festa de Marrozos (fase II).**

Apróbase o proxecto da obra “Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase II), cun orzamento total de **234.272,38 euros** (IVE incluído) e un prazo de execución de 3 meses.

#### **9. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00004132F.**

##### **Aprobación das bases e convocatoria do Premio Xohana Torres de ensaio, investigación e creación audiovisual sobre as mulleres na sociedade galega. Ano 2021.**

Apróbanse as bases que han de rexer a convocatoria do PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA. ANO 2021, contidas no Anexo I, e que establecen dúas modalidades

de premio: ensaio ou creación audiovisual, cunha dotación 2.500 €, para cadansúa, suxeito ás retencións fiscais que legalmente lle sexan aplicación.

Apróbase a convocatoria PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA para o ano 2021, que se abrirá o vindeiro 8 de marzo de 2021. O prazo de presentación dos traballos comeza por tanto o mesmo día 8 de marzo de 2021 e remata o 29 de decembro de 2021 ás 14,00 h.

#### **10. DEPORTES. Referencia: 3489/2021.**

##### **Aprobación das Bases dos Premios Santiago Deporte 2020.**

Apróbanse as BASES DOS PREMIOS SANTIAGO DEPORTE 2020.

#### **11. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU07.**

##### **Informe-proposta de aprobación dos procedementos de reserva, admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2021-2022.**

Apróbanse os procedementos de reserva, admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2021-2022.

Se houberse algún cambio na normativa da Xunta de Galicia que poda ser de aplicación ou afecte ás escolas infantís municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para os usuarios como para a empresa adxudicataria da xestión das escolas infantís.

O prazo de presentación das solicitudes do procedemento de reserva de praza e traslado do alumnado actual, e dos/as traballadores/as será entre os días 1 e 10 de marzo.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 16 de marzo ao 16 de abril de 2021.

#### **12. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU06.**

##### **Dar conta do restablecemento da actividade lectiva presencial agás nas actividades que impliquen utilización de instrumentos de vento e/ou exercicios de canto na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela para dar resposta ás medidas impostas pola Consellería de Sanidade e recollidas na orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.**

Co obxecto de dar resposta ás medidas adoptadas pola Xunta de Galicia pola situación da pandemia da COVID-19 recollidas na *Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*, da Consellería de Sanidade (DOG 15-2-2021, Núm. 30-Bis), **dase conta** do restablecemento da actividade lectiva presencial agás nas actividades que impliquen utilización de instrumentos de vento e/ou exercicios de canto na Escola Municipal de Música a partir das 00,00 horas do 22 de febreiro de 2021, nos termos establecidos na Orde do 15 de febreiro de 2021. Non obstante esas medidas, tal e como establece a citada Orde, poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

#### **13. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2021/00006221A.**

##### **Aceptación das axudas concedidas pola Xunta de Galicia para actuación en materia de residuos de competencia municipal.**

Acórdase aceptar as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para:

a) Liña 1: actuacións destinadas a favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos: adquisición de puntos limpos móbiles: **69.800 euros**.

b) Liña 2: actuacións destinadas á prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos:

- fomento da compostaxe in situ: 60.000 euros;
- recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais: 100.000 euros.

Acórdase tamén a inclusión na aplicación orzamentaria que corresponda do orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021 da contía necesaria para a execución do proxecto de gasto sinalado.

**14. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2020/00006799B.**

**Dar conta da resolución do 1 de xullo, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións previstas na resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade.**

Dase conta da concesión dunha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade, por importe de **45.000 euros**, para o Centro de Información á Muller. Son 30.000 euros para o período comprendido entre o 1 de abril de 2020 ata o 30 de novembro de 2020; e 15.000 euros para o cuatrimestre comprendido entre o 1 de decembro de 2020 ata o 31 de marzo de 2021.

**15. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2020/00006797D. Dar conta á Xunta de Goberno Local que a Consellería de Política Social asignou para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2020 unha contía de 555.664,59€.**

Dase conta que a Consellería de Política Social asignou para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2020 unha contía de **555.664,59 euros**.

**16. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2020/00005061K.**

**Dación de contas da resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade, de data 01-08-2019, para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no pacto de estado contra a violencia de xénero, para o exercicio 2019 polo importe de 17.920,25 €. a executar no ano 2021 a favor do Concello de Santiago de Compostela.**

Dase conta da RESOLUCIÓN DE TRANSFERENCIAS DA SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, DE DATA 10-12-2020, PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVAS OU AMPLIADAS COMPETENCIAS RESERVADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA O EXERCICIO 2020, que outorga a contía de **17.920,25 euros** ao Concello de Santiago de Compostela que destinará os fondos recibidos á realización de proxectos ou programas que teñan como finalidade o desenvolvemento das medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados, o 28 de setembro de 2017, e dicir, que favorezan a erradicación da violencia contra a muller. Que o **período para a realización das e actuacións** dirixidas á erradicación da violencia de xénero con cargo aos devanditos fondos comprenderá desde **o 1 de xullo de 2020 ata o 30 de xuño de 2021**.

**17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00006685F.**

**Dación de conta de sentenza nº 32/2021**

Dase conta da sentenza nº 032/2021

Demandante: Ministerio de Cultura y Deporte

Obxecto: IBI 2015-2019 do Museo das Peregrinacións. 16.560,00 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante tiña impugnado a liquidación 2015-2018 e solicitado a exención para o exercicio 2019 do IBI correspondente ás dúas sedes deste Museo:

a) Dende un punto de vista subxectivo: porque o titular dos inmobles é o Concello, e o Ministerio só dispón dos mesmos con base nun convenio que só lle confire a "cesión", o que non o converte en titular catastral daqueles.

b) Dende un punto de vista subxectivo, porque os inmobles estarían afectos a un destino cultural-educativo.

O xulgado estima as alegacións municipais, desestimando o recurso:

1. Na primeira causa, porque a “cesión” non é un título xurídico válido. En calquera caso, o Ministerio aparece no Catastro –tamén competencia estatal- como titular catastral, equiparándose a “cesión” cunha “concesión” demanial; polo que se non está conforme, deberá instar a modificación no Catastro.

2. Na segunda, porque a afección a servizos educativos ten que ser directa, requisito que segundo a STS 18.06.2020 non cumpriría o Museo.

#### **18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00006670S.**

##### **Dación de conta á XGL da sentenza recaída no PA 379/2017 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1**

Dase conta da sentenza nº 028/2021.

Demandante: Reale Seguros Generales SA

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo a consecuencia de impacto cun xabaril. Contía 1920,26 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A normativa de tráfico dispón que nestes supostos os danos debe soportalos o titular do vehículo, agás que este poida acreditar a responsabilidade do xestor cinético –por defecto, a Xunta de Galicia-, ou da Administración titular da vía, en caso de que esta teña unha alta sinistralidade e aquela non teña sinalizado o perigo.

A demandante considerou que estábamos neste último suposto, sendo responsable o Concello. Sen embargo, a Guardia Civil informou que entre os anos 2014-2016 rexistráronse 9 sinistros no viario V-078. Polo tanto, o xulgado entendeu que non se cumprían os requisitos para imputar a responsabilidade ao Concello, desestimando a demanda.

#### **19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00007927F.**

##### **Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 12 ao 18 de febreiro de 2021.**

Dase conta.

### **URXENCIAS**

- **CONTRATACIÓN. Referencia CON/193/2007.**

##### **Corrección erro no acordo 21-09-2020 prórroga aluguer de local para uso como centro sociocultural na zona da améndoa histórica, na Rúa Santa Cristina, 22. Baixo.**

Acórdase subsanar o acordo nº. 11 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 21 de setembro de 2020, relativo á “ALUGUER DE LOCAL PARA USO COMO CENTRO SOCIOCULTURAL NA ZONA DA ALMENDRA HISTORICA, NA RUA SANTA CRISTINA, 22-BAIXO”, de forma que no citado acordo:

Onde dí:

“Anualidade 2020: (1-outubro-2020 ata 31-decembro-2020): 2.861,46 €.

Anualidade 2021: (1-xaneiro-2021 ata 31- marzo-2021): 2.681,46 €

O gasto irá con cargo á partida do orzamento municipal de arrendamentos nº 040 33403 2020000- ARRENDAMENTOS DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021.

Debe dicir:

“Anualidade 2020: (1-outubro-2020 ata 31-decembro-2020): 2.861,46 €.

Anualidade 2021: (1-xaneiro-2021 ata 31- marzo-2021): 2.861,46 €.

O gasto irá con cargo á partida do orzamento municipal de arrendamentos nº 040 33403 2020000- ARRENDAMENTOS DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021.



- **CONTRATACIÓN. Referencia: CON/6/2020**

**Inicio trámites para recepción das obras “Obras de acondicionamento interior do xacemento do Castelo da Rocha Forte, actuación que forma parte da EDUSI-Santiago, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)”. (Expte. CON/6/2020).**

Acórdase convalidar as actuacións ata o momento realizadas na execución das obras de referencia, subsanando os defectos formais observados, acordando a prórroga solicitada, e dando como válido o 15 de xaneiro como data da definitiva finalización dos traballos.

Segundo: Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

- **ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia 2021/0000792F. Reanualización do proxecto SMARTIAGO.**

Apróbase a reanualización do PROXECTO SMARTIAGO EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ACTUAL MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN(MCIN) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO INTELIXENTE (POCint) 2014-2020, aplicando a seguinte táboa de anualidades:

<b>Ingresos por anualidade</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>
Libramentos MINECO (MICIU)	1.977.600,00				2.966.400,00	
<b>Gastos por anualidade</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>	<b>Total</b>	
Total oficina técnica, asistencia técnica e outros	108.262,63	214.776,60	409.760,77	106.200,00	839.000,00	
Total investimento	7.865,00		1.007.135,00		1.015.000,00	
Total CPI		184.074,43	2.729.251,94	533.318,03	3.446.644,40	
Total Proxecto	116.127,63€	398.851,03	4.146.147,71	639.518,03	5.300.644,40	
Acumulado	116.127,63€	514.978,66	4.661.126,37	5.300.644,40		